Programa RETO
Respeto, Empatía y Tolerancia

# TRABALLANDO AS EMOCIÓNS DENDE A CASA (III)
## "A alegría contándoa crece"



@MaríadoP

Departamento Orientación. CEIP Sandiás

# SENTIMENTO: FELICIDADE

**A felicidade é diferente para cada persoa.**
**Somos felices cando disfrutamos das nosas capacidades, do que podemos ou sabemos facer, de axudar a outra persoa, de compartir momentos especiais cos demáis...Cales son os teus momentos felices?**

@MariadoP

# MATERIAIS QUE IDES A PRECISAR

- 1 Caixa de zapatos
- Papel de regalo, papel de periódico
- Rotuladores, témperas, pintura de dedos
- E todo o que teñades a man para deixala ó voso gusto!

@MaríadoP

# QUE FACEMOS COA CAIXA?

**Na caixa que decoredes, gardaredes as notas coas que felicitamos a algún membro da familia polo moito que traballou facendo as tarefas do cole, polo rica que estaba aquela comida, por saír con nós a pasear, por xogar, etc.**



@MaríadoP

# QUE FACEMOS COA CAIXA?

Os máis pequeniños/as podedes garabatear, pintar, debuxar ou incluso gardar dentro da caixa algún obxecto que lle guste á persoa que queredes fecilitar.

@MaríadoP


Taméns podedes escribir os vosos desexos…
Eu desexo vervos a todos moi prontiño!!!
SilvioZ



# ESTA É A MIÑA CAIXA DAS FELICITACIÓNS E OS DESEXOS



@MaríadoP




Estas son algunhas das mensaxes que escribín!

Un bo momento para abrir a caixa, son as fins de semana, momentos nos que solemos estar máis relaxados. Búscade un sitio cómodo e lede as mensaxes en compañía da vosa familia.



De seguro, que será un momento moi feliz!

@MaríadoP

Podedes gardar estes momento para sempre nunha fotografía. Será un bonito recordo para cando sexades máis maiores.

Tamén podedes compartila con nós, a través das titoras e titores.




Que disfrutes moito con esta actividade!!!!

@MaríadoP


Coidádevos e coidade moito.
Apertas!!!!!
Departamento de Orientación
María Jesús Pereira Ares
mariajesus.pereira@edu.xunta.es
@MaríadoP